

# Lois Diéguez, escritor e militante.


Lois Diéguez, o noso camarada que fora Secretario-Portavoz da AN-PG, parlamentario do Bloque-PSG expulsado do Parlamento por negar-se a xurar a Constitución Española, posue tamén outra faceta: a de escritor, que novamente saiu á luz pública ao concederse-lle no pasado mes de Setembro VI Prémio Eduardo Blanco Amor de Narrativa, polo romance **A canción do vagabundo**.

Fruto do seu labor criativo, teñen saído do prelo, entre outras, as obras **Albre de esperanza**, **A torre de babel**, **Galou Z-28**, **O ferro dos dias**, **Cancións para un agromar branco e azul**, mentras ten ainda inédito outro libro de poesía, **Vagalume sen noite**, e outro romance, **O exilio de Sara Cereixo**, pronto a editar.

**Guieiro.**— Lois, fala-nos do romance gañador...

**L. Diéguez.**— **A canción do vagabundo** é o reflexo da sociedade actual, deste ano 1986, con referencias a épocas anteriores, sobretodo á mocidade e infáncia das distintas personaxes protagonistas. A sua ideia xenérica é como influen nun país sen normalizar os meios de comunicación através da información que dan sobre sucesos determinados; neste caso umha familia que de súpeto se ve metida na prensa por un feito concreto, e como lle van destruíndo o próprio honor ao manipular a noticia, e non buscar a precisión e a obxectividade informativa.

Ten-se falado tamén -eu salientei-no nalgumha outra entrevista- de un tema do que particularmente se ocupa a obra, como é o dos vellos. Un tema universal, que me obsesioná, nun país no que está invertida a pirámide da población: como viven, a soledade, as poucas axudas que teñen, o dramatismo que se sente cando se está a un paso da morte...



**Gu-** Cais son as características comuns da tua actividade política e da literaria?

**LD.**— Contra o que se está a dicer neste momento, non creio que sexa doido separar a ideoloxia de umha persoa da sua actividade creativa. Normalmente o poder tenta disociá-las, sobretodo cando se trata de un escritor comprometido, neste caso da esquerda nacionalista. Isto é umha falácia. Está claro que ao escrever un romance non se escribe un ensaio nen um-

## ENTREVISTA

ha chamada reivindicativa en si, senón que se narra a vida de umha serie de persoas, mesmo nos seus aspectos mais íntimos. Pode-se militar á hora de escrever, mas tendo en conta que é un campo diferente, que é un campo no que se ten que chegar á propia intimidade da xente.

**Gu.-** Neste país ten sentido a asépsia criativa?

**LD.-** Non o ten porque, faga-se o que se faga sempre se axuda a algo. Hai escritores que se din asépticos, mas se analisan a sua obra ves que verten análises proprias que reflexan a sua valoración da sociedade. Pode-se andar polas nuves, que sempre é doado, mas nesas nuves sempre haverá algo que defina o que estás a facer. Fuxir daí é sempre mui difícil, pero se se quere intentá-lo, o mais cómodo é facé-lo pola vertente mais assumível para o poder.

**Gu.-** Que relevancia ten para o nacionalismo que un escritor como ti, con un grande compromiso social e político, con umha militancia activa, consiga un prémio da categoría do **Blanco Amor**?

**LD.-** Dadas as coordenadas de criación literaria neste momento en Galiza, creio que tanto no eido literario como no político, ten umha grande importancia, porque non é fácil que se premie, asi polas boas, a alguén cuxa vertente como tal se tenta agachar. Hai que enfrentarse a todos os mecanismos de silenciamento, perfectamente planificados desde o poder.

A nivel persoal tiña muito interese en romper este silencio, o mesmo que a nivel colectivo, polo que pode representar un escritor coma min dentro do nacionalismo. A nivel persoal, porque se eu escrevo é para que a xente leia; e a nivel colectivo porque, dentro do nacionalismo, hai muita xente que ten provada coa sua obra

unha categoria impresionante como escritor ou ensaísta e está sendo silenciada mesmo nos manuais de estudo para os coléxios.

**Gu.-** Cais son as eivas fundamentais da criación literaria neste país?

**LD.-** Eu diría que a liberdade do escritor como tal está numha crise fondísima. Non existe tal liberdade desde o momento en que hai umha operación económica detrás da criación literaria. No campo literario funcionan tamén elementos político-económicos: as editoriais sacan ao mercado as obras que lles conveñen, que muitas veces coinciden coas que politicamente interesa introducir; o problema normativo, que funciona como criba eliminatória do escritor do que non gosta o poder. Un escritor que escribe na normativa oficial (que pode facé-lo mui honestamente) ten mais facilidades para editar, xa que as proprias editoras saben que trescentos exemplares da edición van ser adquiridos pola Xunta.

Tamén se dá neste momento umha importante circunstancia positiva, o "boom" numérico de novos escritores, o que demuestra a vitalidade da nosa cultura escrita; á par de un aspecto negativo, a desnacionalización da nosa literatura. Sen intención de criticar os distintos que poida abordar un escritor, penso que ten que abordá-los cun pouco de ideia de onde está e en que tempo vive. Foxe-se do que crial algo de compromiso, e isto é un grave problema que temos.

**Gu.-** Que se está a facer literariamente para a xuventude?

**LD.-** Eu creio que a nosa literatura historicamente é pobre neste eido. Temos mui pouco feito. Neste momento está-se a romper con esta dinámica, saen algumhas obras para nenos e adolescentes, mas é pouco ainda. Temos muito camiño por andar.

Tamén penso que fora das eta-

pas específicas da infáncia e da adolescência, calquer obra literaria é válida para un mozo/a mais ou menos maduro, polo que , o que está feito é perfeitamente válido para a mocidade.

**Gu.-** Como valoras a tua actividade criadora?

**LD.-** Escrever preocupou-me sempre desde os 16 anos, ainda que tiven mais ou menos facilidades para facé-lo en determinadas etapas da miña vida. Para mim foi mui difícil escrever polos anos setenta, posto que a miña actividade política era neste momento mui forte. Despois de que a reforma política se fose consolidando até os niveis actuais, e que outras persoas pasasen a ocupar postos de responsabilidade dentro do nacionalismo, eu dispuxen de mais tempo, polo que os tres últimos anos traballei mui duramente; fruto deste traballo son tres obras, entre as que está **A Canción do Vagabundo**.

Sinto moito o peso desta nece-

sidade de escrever, mas estou convencido de que en determinados momentos hai que sacrificar-se. Noutras ocasións, nas que temos claro que as cousas van para longo, e dado o panorama cultural deste país, considero que teño que adicar-lle tempo a isto, que ten que saír o exponente do escritor propriamente galego e nacionalista, que ten que estar aí para a historia, para este momento e, se cadra para o futuro. Este é o esquema que sigo neste momento; ao mellor o dia de mañá ten que cambiar, segundo sexa a situación do país.

**Gu.-** Como ves o futuro?

**LD.-** O futuro cultural é dependente do futuro político. Nós non chegaremos a normalizar a nosa cultura, nen por tanto, toda a criación literaria que aqui se faga, até que se normalice completamente o país. Desde o momento en que isto ocorra, cambiará todo.

